

Servizo de internet e uso dos ordenadores da biblioteca

Servizo de internet

O uso da internet é público e de balde. Non se precisa ningún documento para poder usala.

Que podes facer nos ordenadores da biblioteca?

O servizo está pensado para a procura de información con fins culturais, de investigación e de consulta en xeral.

Tamén podes crear documentos e gravalos nunha memoria externa.

Por motivos de seguridade, non se pode gardar nada no escritorio, nin crear arquivos. Non se pode instalar ningún programa nin modificar a configuración do ordenador.

A tarxeta de seguridade dos ordenadores borra toda a información cando se acaba ou pecha cada sesión.

Acceso por primeira vez

A primeira vez que se accede á intranet desde os ordenadores da biblioteca hai que rexistrarse.

Nos campos Usuario e Password introduce "novousuario", pulsa Intro, escolle "formulario alta" e a continuación **"darse de alta como usuario da Rede"**. Abrirase un formulario no que debes introducir os teus datos persoais.

Se ao premer "Aceptar" che pide a conta do bibliotecario, achégate ao mostrador.

Anota o nome de usuario e o contrasinal que poñas, son os que tes que usar cada vez que veñas. Se os esqueces, pregunta no mostrador.

Cada persoa poderá darse de alta unha soa vez e ter un único nome de usuario/a rexistrado.

O nome de usuario é persoal e intransferible, non pode ser usado por outra persoa.

A base de datos de usuarios é común a todas as bibliotecas da Rede xestionadas pola Xunta de Galicia, se xa te inscribiches neste programa nalgunha outra biblioteca non tes que volver a facelo, entra xa coas túas credenciais.

Uso da internet por menores de idade

Para usar a internet, as persoas menores de 16 anos deben ter a autorización do pai/nai ou titor, que debe rexistrarse antes.

Consulta na biblioteca se hai ordenadores para uso exclusivo de nenos e nenas.

Uso responsable

Non toda a información atopada na internet é axeitada, completa, obxectiva e actualizada, e pode ser ofensiva. Fíxate na autoría das páxinas, dá certa fiabilidade.

Non se permite facer uso do servizo para acceder a páxinas con contido pornográfico, xenófobo ou violento.

A biblioteca non se responsabiliza dos contidos que poidan consultar as persoas menores autorizadas que non veñan acompañadas.

Ao usar este servizo comprométeste a respectar a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e as leis en xeral. O seu uso implica tamén a aceptación das normas da biblioteca que o regulan.

Se non cumpres as condicións de uso, podes quedar un tempo sen poder usar o servizo: 1 semana no primeiro aviso, 1 mes no segundo ou 1 ano no terceiro. O persoal da biblioteca resérvase o dereito de interromper a sesión da persoa que non siga as normas.